



REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data 14/03/2013 10:17:13
SAÍDA 27005 / RX 170286

PEREZCASTRO HNOS. S.L.
Fermín Mosquera 12
CALDAS DE REIS
Pontevedra

Asunto: Sanidade vexetal, circular informativa.

Achégolle circular informativa (no reverso) que afecta aos Plantóns de kiwi e Plantóns de froiteiras e en relación ao Pasaporte fitosanitario para o seu coñecemento e co fin de que tomen estas medidas fitosanitarias que por outra parte son de carácter obligatorio.

Santiago de Compostela, 14 de mazo de 2013

O Xefe de Servizo de Sanidade e Produción Vexetal



Ramón Jesús Lamelo Otero

Plantóns de kiwi.

Debido á aparición de focos do Organismo Nocivo (O.N.) denominado *Pseudomonas syringae* pv. *actinidiae* en diversas zonas produtoras de kiwi incluídas Galicia e Portugal, a Unión Europea publicou a Decisión 2012/756/UE de 5 de decembro (DOCE de 7/12/2012), na que se establecen unha serie de medidas para previr a introducción e propagación do citado organismo no territorio da Unión Europea. Unha desas medidas é a de que os plantóns de kiwi deberán comercializarse con Pasaporte Fitosanitario (PF), como garantía de que procede de zonas ou instalacións autorizadas que se comprobaran libres do patóxeno.

En caso que teña no seu viveiro plantóns de kiwi ou kiwiño sen o mencionado P.F., deberá comunicar ó Servizo de explotacións agrarias da súa provincia a cantidade e a orixe de dito material vexetal para que se fagan as comprobacións oportunas.

Recoméndase un tratamento con algún produto cúprico autorizado nas plantas a comercializar para evitar a contaminación ambiental destas.

Plantóns de froiteiras.

O lume bacteriano das rosáceas, enfermidade causada polo O.N. *Erwinia amylovora*, é unha importante enfermidade que causa mortandade elevada nos vexetais sensibles, entre os que se atopan a maioría das froiteiras, existindo focos importantes en zonas produtoras de plantóns. A efectos de previr a dispersión do patóxeno, dictouse normativa oficial, en particular o *R.D. 1201/1999 que establece o Programa nacional de erradicación control* (e as modificacións posteriores), que impoñen a obriga de que todo o material sensible debe circular con Pasaporte Fitosanitario ata o usuario final.

En inspeccións efectuadas polos servizos oficiais estase a detectar que en moitos casos se comercializan plantóns sen o correspondente P.F., o que constitúe un risco, pois en caso de manifestarse a enfermidade nunha planta, non se podería coñecer con exactitude a orixe da contaminación.

Pregámoslle a súa colaboración no cumprimento destas medidas fitosanitarias de carácter obrigatorio.

Servizo de sanidade e produción vexetal.
Consellería do Medio Rural e do Mar.
Santiago de Compostela.